

# PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

## PLAN DE IGUALDADE



**ÍNDICE**

---

<b>1. INTRODUCCIÓN</b>	<b>3</b>
<b>2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO</b>	<b>3</b>
<b>3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA</b>	<b>5</b>
<b>4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DO PLAN</b>	<b>6</b>
<b>5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN</b>	<b>8</b>
<b>6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN</b>	<b>10</b>

---

## 1. INTRODUCCIÓN

Pese a que na actualidade se fala cada vez máis de igualdade, a realidade indícanos que aínda falta moito traballo por facer para superar as tradicións e os estereotipos sexistas que seguen estando arraigados na nosa sociedade e seguen condicionando as actuacións de todos e todas nós. Non cabe dúbida que os centros escolares son o eixe do que teñen que partir os cambios que muden estas tendencias que seguen mandando na sociedade. A educación é o punto de partida para que a igualdade en todos os ámbitos comece a ser real e efectiva. Nun centro educativo estamos a formar a sociedade do futuro, as persoas que levarán ás súas vidas os valores que hoxe lles transmitimos. Por este motivo, aínda que nos documentos do IES Cabo Ortegal xa figuran recollidas unha serie de medidas para favorecer a igualdade no noso centro, consideramos de gran importancia elaborar un Plan de Igualdade que nos axude a descubrir a tempo as condutas problemáticas e a facer reflexionar a toda a comunidade educativa sobre aqueles aspectos que por costume, por educación e por tradición nos pasan desapercibidos no día a día e que están tan apartados do que realmente debería ser unha sociedade con igualdade de trato e de oportunidades para todos os colectivos.

## 2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

### 2.1 NORMATIVA

No ámbito estatal, o preámbulo da **Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación**, pon de manifesto que un dos principais fins que se persegue coa educación é a formación no respecto dos dereitos e das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas. No seu **artigo 1** establece como principio da educación “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”. No **artigo 2** salientase a importancia de educar no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.

Os **artigos 23 e 24 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo**, para a igualdade de mulleres e homes, fan referencia a integración do principio de igualdade na política de educación.

No **Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro**, apróbase o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade:

- Artigo 17. O currículo do sistema educativo
- Artigo 18. Erradicación de prexuízos nos centros docentes
- Artigo 19. Integración da igualdade na formación profesional

A lexislación educativa recolle no **Decreto 86/2015, do 25 de xuño** que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, fixa o obxectivo da igualdade entre mulleres e homes na sociedades como finalidade primordial dos distintos niveis educativos incluíndo tamén diversas referencias nos contidos concretos dos currículos.

Cómpre mencionar así mesmo a **Lei galega 11/2007, do 27 de xullo**, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero que dedica o capítulo III do título I ás medidas encamiñadas á formación e prevención da violencia de xénero.

Con respecto á integración da diversidade sexual, débese ter en conta o establecido na **Lei 2/2014, do 14 de abril**, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, que dedica o capítulo V ás medidas no ámbito da educación.

A través da oferta curricular oficial da Consellería de Educación, Universidade e Formación profesional, no curso 2016/2017 implantouse a materia de libre configuración autonómica “Igualdade de Xénero” ofertada para os cursos 1º e 2º de ESO e que está regulada na **Orde do 13 de xullo de 2016**. Para completar e implementar a medida anterior, no curso 2018/2019, ofértase a materia de libre configuración autonómica “Coeducación para o século XXI” no 1º curso de bacharelato (**Orde do 7 de agosto de 2018**).

## 2.2 O CENTRO

---

Desde o punto de vista organizativo, o artigo 126.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, mencionada xa no punto anterior, establece a obriga dos centros de designar unha persoa no seo do consello escolar do centro, que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres. Estas medidas deberán figurar nos principais documentos do centro **educativo (PE, NOFC, PXA, MA, Plan de convivencia, Plan de acción tutorial)**. En todos estes documentos recóllese a nosa intención de promover a igualdade entre homes e mulleres, focalizada na transmisión desta idea aos rapaces e rapazas. Foméntase o respecto dos dereitos e liberdades e da igualdade de xénero, tentando sempre reducir calquera tipo de discriminación.

O **I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia**, publicado pola Consellería de Educación, pretende ser unha guía que permita fixar e ampliar os obxectivos para educar en igualdade e conseguir inverter a tendencia actual de aumento dos conflitos, de xeito que se superen os prexuízos sexistas e se poda acadar un cambio real na sociedade. Por todo o exposto vemos a necesidade de levar a cabo unha análise da situación que se vive no noso centro para intentar adoptar unha serie de medidas por parte da comunidade educativa que nos permitan

elaborar un plan para estender as ideas de respecto e tolerancia desde o centro ao ámbito familiar e de aí ao resto da contorna e da sociedade en xeral.

Os avances na normativa estatal e autonómica para o logro da igualdade efectiva entre homes e mulleres moveron ao IES Cabo Ortegal a levar a cabo actuacións para integrar a perspectiva de xénero tanto na organización do centro como nos elementos curriculares. A pesares deste avance detectamos unha serie de necesidades e puntos febles que será preciso atender para adecuar o noso centro á normativa vixente. Cómpre empezar a actuar polos puntos que se reflicten a continuación:

- Nomeamento dunha persoa responsable en materia de igualdade no seo do Consello Escolar.
- Concreción dos obxectivos coeducativos para o IES Cabo Ortegal.
- Concreción das medidas precisas para poder mellorar a situación do centro no relativo á igualdade e respecto a todos os colectivos.
- Facer visible a necesidade de rachar cos estereotipos de xénero que seguen a mandar na nosa sociedade.
- Orientar ao alumnado para unha elección libre da súa vida académica e profesional, sen condicionamentos de xénero.
- Aumentar as actividades en torno a datas conmemorativas relacionadas coa igualdade.
- Debido a que o noso centro é moi pequeno, temos dificultade para variar a oferta de materias de libre configuración, precisamos concentrar a optatividade para que o número de alumnos sexan os suficientes para formar grupo. Este é un atranco para ofertar materias relacionadas coa igualdade, atranco que será preciso compensar con outras medidas e actividades polas que podamos formar e informar ao noso alumnado neste ámbito.

### **3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA**

Tal e como figura no apartado do Proxecto Educativo que fai a análise da situación do centro en canto á convivencia se refire, podemos afirmar que o IES Cabo Ortegal non é un centro con moitos conflitos. Se tomamos como referente á análise que recolle o Plan de Convivencia do Centro, podemos observar como nos últimos anos os problemas de conflictividade se viron reducidos significativamente. Tendo en conta tamén os resultados das enquisas realizadas no curso 2015-2016 aos distintos sectores da comunidade educativa, podemos sacar as seguintes conclusións:

- En xeral todo o alumnado se relaciona cos seus compañeiros e compañeiras con normalidade.
- Ao redor do 75% do alumnado cre que case sempre se dan no centro condutas positivas.
- Entre as condutas negativas destacan: poñer alcumes ou rirse doutra persoa (40%), insultar (35%), ameazar (25%).

- Os espazos onde se dan os problemas de convivencia son os patios de recreo, corredores e ao entrar e saír do recinto.
- O 10% do alumnado declara ter cometido algunha das accións anteriores e o 15% do alumnado da ESO e o 11% do alumnado da ensinanza postobligatoria declarar ter sido vítima dalgún insulto ou doutras condutas negativas, case sempre recibidas dun compañeiro o compañeira da mesma aula.
- A maioría do alumnado da postobligatoria indica que a convivencia mellorou nos últimos cursos. Ninguén contesta que empeorou. O 70% cre que non se axuda ao alumnado a comprender por que a súa conduta é incorrecta.
- Os 70% dos titores conclúen que a convivencia mellorou nos últimos anos e que non hai problemas graves de convivencia.
- O 100% dos pais e o 88% das nais apoian as decisións que toman os titores sobre os seus fillos.

Non hai nestas enquisas de datos relativos a problemas de igualdade ou de discriminación pola diversidade afectivo sexual, pero en xeral, tendo en conta a observación nas actividades dentro do centro, podemos afirmar que non existen casos graves de discriminación. Isto non quere dicir que non haxa que estar alerta por se se produciran ou que todo estea feito no relativo á promoción da igualdade xa que seguen dominando nas familias e na contorna en xeral os estereotipos de xénero que impiden unha paridade na vida diaria. Por costume séguese a ver como normal que a muller sexa a que asuma determinados roles dentro da vida familiar, dos que está liberado o home, máis destinado ao traballo fóra da casa. O que si é frecuente nesta contorna é que as nais sexan as que asumen as relacións co centro, nelas recae todo o peso da educación dos seus fillos e fillas pois é habitual atoparse con pais que pasan longos períodos lonxe do fogar (os mariñeiros son o caso máis salientable). Aínda que o traballo na industria conserveira diminuíu nos últimos anos, as nais teñen un dobre traballo, dentro e fóra da casa, que ás veces dificulta a súa presenza no centro cando é necesaria.

#### **4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DO PLAN**

##### **4.1 PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES**

- Integrar a perspectiva de xénero en todos os documentos do centro.
- Fomentar a elaboración e uso de materiais didácticos inclusivos e coeducativos.
- Promover a participación e implicación das familias no traballo coeducativo.

- Dar visibilidade e eliminar os estereotipos que persisten na sociedade respecto ao traballo persoal e profesional dos individuos.
- Promover no alumnado unha correcta elección do futuro académico e profesional libre de estereotipos de xénero.
- Informar axeitadamente das disposicións curriculares en materias de libre configuración nas distintas etapas educativas.

#### **4.2 PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO**

---

- Proporcionar materiais informativos sobre a violencia de xénero, baseados en evidencias reais e contrastadas.
- Elaborar programas educativos enfocados ao traballo de aula que permitan identificar condutas prexudiciais para o desenvolvemento de relacións persoais tóxicas e de sometemento.
- Facilitar orientacións para a súa adaptación e inclusión no plan de convivencia do centro que nos axuden a detectar e previr precozmente posibles condutas violentas (control, acoso, abuso...)
- Sensibilizar, informar, formar e intervir en aspectos relacionados coas redes sociais, whatsapp, xogos...
- Facilitar apoio ao alumnado vítima de violencia de xénero ou que vivan nos seus fogares esa situación.
- Favorecer a investigación e intervención do alumnado sobre o seu contorno para detectar situacións e actitudes de presión e violencia por razón de xénero.

#### **4.3 PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL**

---

- Facilitar e impulsar a formación do profesorado na diversidade afectiva e sexual.
- Evitar a discriminación do alumnado pola súa orientación sexual e identidade de xénero.
- Promover a educación na tolerancia á diversidade afectivo-sexual.
- Sensibilizar ao persoal docente na importancia de abordar estes temas nas actividades docentes.
- Garantir a presenza de libros e publicacións ao alcance do alumnado nos que se vexa reflectida a diversidade afectivo-sexual e de xénero.
- Identificar situacións discriminatorias para poder atallar a tempo actitudes que vaian en contra do respecto á diversidade.

#### 4.4 PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGBTIFOBIA

---

- Traballar nas actividades do centro a favor da visibilidade da diversidade.
- Establecer actuacións para combater o acoso escolar por razón da orientación sexual ou identidade de xénero.
- Fomentar que as persoas LGTBI vivan no centro un ambiente de confianza que lles permita abordar o tema con naturalidade.
- Traballar a favor da autoestima e a autoconfianza das persoas LGTBI.

### 5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN

---

Coa finalidade de acadar os obxectivos anteriores, levaremos a cabo unha serie de medidas que nos axuden á consecución dos mesmos. Estas medidas agruparanse nos catro grupos que se reflicten a continuación:

#### 5.1 ORGANIZACIÓN DO CENTRO

---

- Nomear a unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para desenvolver e impulsar o Plan de Igualdade.
- Levar a cabo unha diagnose da situación do centro respecto á igualdade entre xéneros, abarcando a toda a comunidade educativa.
- Valorar a situación do centro no que atinxe a recursos humanos e materiais que se utilizan.
- Detectar as actitudes sexistas que aínda prevalecen tanto no centro coma nas familias para tentar que mude esta tendencia.
- Axudar e ensinar como resolver os conflitos sen violencia.
- Estudar a realidade dos documentos do centro, PE, NOF, PXA, Plan de convivencia, Plan de acción tutorial..., respecto á coeducación.
- Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de goberno e coordinación docente, de xeito equitativo.
- Difundir o Plan de Igualdade entre todos os integrantes da comunidade educativa, con especial atención ás familias.
- Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias no ámbito que nos ocupa.
- Colaborar con outras entidades na realización de actividade (AMPA, Concello, centro de primaria...), programando actividades arredor de datas significativas.
- Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.



- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
- Traballar para detectar a tempo as posibles discriminacións que vive o alumnado LGTBI.

## **5.2 ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES**

---

- Concretar o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.
- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero.
- Revisar o material empregado na aula tentando incluír os valores, normas e contidos que permitan achegar ao alumnado á sensibilización cos problemas de igualdade.
- Realizar actividades de información e sensibilización coas familias.
- Fomentar unha linguaxe oral na que se integren ambos sexos e na que non haxa prexuizos sexistas.
- Consolidar unha linguaxe escrita coeducativa en todos os documentos do centro: documentos de organización, programación e comunicación.
- Ensinar ao alumnado a analizar as mensaxes que nos transmiten os medios de comunicación e tamén as cancións de actualidade, con respecto aos roles aplicados ao home e á muller, favorecendo o pensamento crítico entre eles e elas.
- Dar visibilidade á importancia do labor da muller en tempos pasados e á súa contribución ao avance da sociedade naqueles ámbitos nos que resultaba ignorada.

## **5.3 XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E AS OPORTUNIDADES DE RELACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO**

---

- Revisar e actualizar os fondos documentais da biblioteca do centro coa intención de promover lecturas coeducativas a través da mesma.
- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais e das actividades do centro respecto á diversidade sexual e de xénero.
- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar en igualdade.
- Fomentar o uso igualitario dos espazos, principalmente do patio de recreo.
- Diseñar actividades que leven ao alumnado a valorar positivamente e de xeito igualitario calquera tipo de tarefa ou profesión, independentemente do sexo.
- Promover a elección libre das alumnas naqueles campos educativos e profesionais tradicionalmente dominados polos homes.

- Orientar á comunidade educativa para contribuír a espertar unha visión crítica que permita descubrir os estereotipos que aínda seguen a condicionar á sociedade.
- Impulsar a prevención do acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero do alumnado.

#### **5.4 INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR**

---

- Promover a resolución pacífica dos conflitos e o fomento de valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o respecto e o bo trato entre mulleres e homes.
- Traballar para promover actividades de sensibilización sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero que nos permita a adquisición de valores de tolerancia, respecto e actitude de diálogo como xeradores dunha boa convivencia.
- Impulsar metodoloxías activas e cooperativas que redunden na consecución dun ambiente pacífico e solidario.
- Promover respostas educativas que sexan capaces de levarnos a ver a diversidade coma un feito positivo en si mesmo e non coma un atranco.
- Fomentar a corresponsabilidade para que o centro e as familias se complementen coa finalidade de facilitar a consecución dos obxectivos deste Plan
- Promover e coordinar cos servizos sociais do Concello de Cariño actividades de intervención social para axudar a aqueles colectivos que presentan unha maior dificultade de integración no centro.
- Realizar unha guía básica de detección precoz da violencia de xénero que sirva para como ferramenta de prevención entre o alumnado e proporcione pautas de actuación ao profesorado.

#### **6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

---

Par tratar de acadar os mellores resultados deste Plan de Igualdade, levaremos a cabo unha avaliación continua que nos permitirá saber se os obxectivos propostos están ben adecuados e se as medidas postas en práctica son as correctas. Valorarase a necesidade de introducir algunha modificación e tamén o grao de implicación e de coordinación dos colectivos implicados no Plan. Esta avaliación continua completaráse cun informe final onde se valoren os resultados obtidos, as posibles melloras, así como as novas necesidades que puideran aparecer.

Tentarase levar a cabo unha desagregación por sexo do alumnado no que se refire a rendemento, participación, condutas prexudiciais para a convivencia, participación en actividades e

desempeño de postos de representación, elección de itinerarios, partes de incidencia, AMPA, actividades de formación...

Unha vez realizada a análise e a valoración dos datos, estableceranse as propostas de mellora para os seguintes anos académicos coa finalidade de afondar nos distintos obxectivos de coeducación que nos permita converter ao IES Cabo Ortegal nun espazo máis igualitario no que se recoñeza o valor de todas as persoas sen ningún tipo de discriminación por razón de xénero ou de orientación sexual.